



Anuncio da aprobación da bolsa de emprego de monitor/a de tempo libre (grupo IV) do Concello de Muros

ANUNCIO

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 636/2025 de 4 de xullo de 2025 adoptáronse os seguintes acordos:

“Por Resolución da Alcaldía núm. 439/2024, do 22 de abril, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para crear unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal como monitor/a de tempo libre (grupo IV) no Concello de Muros, publicada no BOP núm. 84 do 30 de abril de 2024.

Posteriormente, mediante Resolución da Alcaldía núm. 604/2025, do 23 de xuño, aprobouse por urxencia unha convocatoria complementaria co fin de ampliar dita bolsa de emprego.

Tendo en conta o disposto no artigo 19.catro da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, no que se establece que non se poderá contratar persoal laboral temporal nin nomear persoal estatutario ou funcionariado interino salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

A circular da Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas establece en relación aos contratos subvencionados que: “A prohibición xeral de incorporación de persoal temporal, non distingue entre as diversas posibilidades de relación xurídica temporal que contempla a lexislación. Respecto dos contratos temporais subvencionados, cofinanciados ou con financiamento total, unha interpretación finalista do RD-lei 20/2011, de 30 de decembro, en canto ao obxectivo de redución do déficit, permite concluír que a incorporación de persoal temporal mediante contratos totalmente financiados, resulta neutra a efectos de incremento de gasto.”

De acordo co disposto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 41.14.c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, corresponde a esta Alcaldía a competencia para contratar persoal da corporación.

Vista a bolsa de emprego aprobada mediante a Resolución núm. 703/2024, do 21 de xuño de 2024, e tendo en conta a proposta do tribunal cualificador do proceso selectivo para a ampliación da mesma, formulada o 3 de xullo de 2025 (en referencia á Resolución núm. 604/2025 do 23 de xuño),

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aceptar a proposta do tribunal do 3 de xullo de 2025 do proceso selectivo complementario para incrementar o persoal da bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal de monitor/a de tempo libre (grupo IV) do Concello de Muros.

SEGUNDO. Ampliar e aprobar a bolsa de emprego de monitor/a de tempo libre do Concello de Muros (grupo IV), establecendo a seguinte orde de chamamento:

ORDE	APELIDOS E NOME	DNI CODIF.
1	Rodríguez Mociño, Lorena	***8460**
2	Mayo Blanco, Aida	***0390**
3	Carracedo Rivera, Lucía	***0431**
4	Casais Leis, Paula	***2850**
5	Lago Rama, Roberto	***0276**
6	Fernández Figueiras, María	***2831**



**Concello
de Muros**

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ORDE	APELIDOS E NOME	DNI CODIF.
7	Lamela Gallardo, Cristina	***9695**
8	Moledo Mayo, Mariña	***6230**
9	Sendón García, Nicole	***9141**
10	Bello Blanco, Paula	***5354**
11	Dosil Fernández, Sabela	***5618**
12	Lago Bouzas, Paula	***7916**
13	París Lago, Aitana	***1215**

TERCEIRO. Ordenar a publicación desta resolución no taboleiro da sede electrónica do Concello de Muros, a efectos informativos e de publicidade.

CUARTO. Notificar esta Resolución ao departamento de Persoal e dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.”

Muros, 4 de xullo de 2025

A alcaldesa,

María Lago Lestón